



**Grupo Municipal
RIBEIRA**

M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal en relación coa situación do alumado público e do das instalacións eventuais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado martes, día 20 de febreiro ás 4 da madrugada, produciuse un grave accidente no que un mozo faleceu por electrocución, según se recolle no informe da autopsia. Isto aconteceu ao lado dunha carpa provisional, instalada por unha empresa contratada polo Concello de Ribeira, na rúa Portugal, diante do auditorio e a carón dunhas farolas do alumado público.

Estes feitos agrávanse máis, se cabe, porque existen indicios solventes de que a instalación do alumado público xa dera sinais de mal funcionamento, pois existen denuncias previas de descargas eléctricas presentadas diante da Policía Local xa dende decembro pasado.

É notoria a alarma existente entre a cidadanía dada a incerteza que este grave suceso xerou. Polo tanto, resulta realmente preocupante que, pasado xa un tempo prudencial, non se deran explicacións por parte do Grupo de Goberno e, nomeadamente, do Alcalde nen a cidadanía, nen a Corporación Municipal, nen tan sequera aos seus voceiros, a respecto das causas deste dramático acontecemento, das posibles negligencias que o ocasionaron e das actuacións que del deberan derivarse.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que, por parte do Grupo de Goberno, se abra unha exhaustiva investigación interna para esclarecer as causas deste tráxico suceso e se depuren as pertinentes responsabilidades.
2. Que se adopten as medidas oportunas para que sucesos deste tipo por volvan a acontecer.

Ribeira, 20 de xullo de 2007

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA